

MEMORIA DESCRIPTIVA

XI CARREIRA DA CEREIXA

1. Regulamento da proba:

Artigo 1:

O 26 de maio de 2024, a Asociación de Veciños de Beade organiza a XI carreira popular “Festa da cereixa”, coa colaboración do Concello de Vigo e o soporte técnico de RUNRUN VIGO 2024.

Esta carreira pertence ao circuíto de carreiras populares RUNRUN VIGO 2024. (Concello de Vigo).

Artigo 2:

A proba terá unha distancia de 10.000 metros aproximadamente, que percorreren as categorías desde xuvenís ata veteranos (femininos e masculinos).

Artigo 3:

A organización dispón dun seguro de responsabilidade civil segundo a lexislación vixente. Todos os participantes non federados dispoñerán dun seguro de accidentes, non lesións, soamente para o día da carreira, contratado pola organización.

Artigo 4:

A entrega do dorsal, chip e obsequio farase o venres 24 de maio de 17:00 h a 20:00 h e o sábado 25 de maio de 11:00 h a 13:00 h e de 17:00 h a 20:00 h no Decathlon Vigo – Parque Comercial Meixueiro (Crta. de Madrid, 158 (A-55 Saída 664)). O día da carreira realizarase nas instalacións da Asociación de Veciños de Beade (Estrada Coutada nº 42).

Artigo 5:

O prezo de cada inscrición será de:

9€ aberta ata o 22 maio (10 km).

7€ aberta ata o 22 maio (5 km).

En ningún caso se devolverá o importe da inscrición.

As inscricións efectuaranse na páxina web da RunRunVigo e poderanse facer ata o martes 22 de maio ás 20:00 h no Centro Cultural de Beade (Estrada Coutada nº 42).

Artigo 6:

O dorsal deberá ir colocado na parte dianteira da camiseta de maneira ben visible.

En ningún caso permitirase correr sen dorsal.

Haberá avituallamiento no km 5 aproximadamente e ao finalizar a carreira. Será imprescindible levar posto o dorsal para recibir avituallamiento.

Artigo 7:

O control do tráfico no percorrido corresponde á Policía Local.

Artigo 8:

Establécense as seguintes categorías absolutas nas carreiras de 5 km e 10 km:

Femininas	Masculinas	Ano de nacemento
F-1	M-1	Entre 1985 - 2004 (ambos os incluídos)
F-2	M-2	Entre 1975 - 1984 (ambos os incluídos)
F-3	M-3	Entre 1965 - 1974 (ambos os incluídos)

F-4	M-4	Entre 1960 - 1964 (ambos os incluídos)
F-5	M-5	1959 ou anteriores

Os premios non serán acumulables.

Establécese como premio, trofeo aos tres primeiros de cada categoría, exceptuando a carreira de 5 km, onde soamente levarán premio os tres primeiros da xeral (masculino/femenino).

Artigo 9:

Os participantes deben coñecer o percorrido da carreira.

Cada participante deberá correr co seu dorsal e chip, en caso contrario será descualificado.

A organización non se fai responsable dos accidentes ou lesións que os corredores se poidan facer durante o transcurso da carreira.

Toda persoa que incumpra a normativa da carreira poderá ser retirada da clasificación final.

O feito de inscribirse implica a aceptación deste regulamento e o compromiso de non adiantarse na saída, realizar o percorrido completo e respectar tanto ao resto dos participantes como ao persoal auxiliar da mesma.

NON se permite a participación na proba de persoas con patíns, bicicletas ou outros modos de locomoción. Tampouco acompañados por mascotas.

Artigo 10:

DESCUALIFICACIÓNS

A organización da carreira poderá descualificar a calquera corredor que manifeste un mal estado físico, a todo corredor que non realice o percorrido completo, o corredor que dobre ou manipule a publicidade do dorsal ou a aquel corredor que manifeste un comportamento non deportivo ou sexa reiterativo nas protestas á organización á marxe do estipulado no artigo 12 deste regulamento.

Artigo 11:

As reclamacións relativas á clasificación deberán facerse por escrito á organización, achegando a cantidade de 50 euros en concepto de depósito ata que a organización resolva sobre a reclamación presentada no tempo necesario para efectuar as comprobacións e consultas oportunas. Se o veredicto considera a reclamación xustificada procederá a devolver a devandita cantidade. O participante que non se axuste a este proceso poderá ser descualificado en aplicación do artigo 10 deste regulamento.

Artigo 12:

A organización declina toda a responsabilidade dos diferentes prexuízos que a participación nesta carreira poida ocasionar aos inscritos.

Os participantes renuncian a toda acción legal, non limitada ao risco de lesións, que poidan derivarse da participación na carreira.

Os participantes autorizan aos organizadores rexistrar total ou parcialmente a súa participación mediante fotos, vídeos, televisión ou calquera outro medio de difusión.

O corredor, polo feito de participar na proba, acepta este regulamento. A súa interpretación e todo aquilo que non quede expresamente regulado, será decidido pola organización.

Artigo 13:

Os únicos vehículos autorizados a seguir a proba serán os designados pola organización.

Artigo 14:

A organización desta proba porá a disposición de todos os atletas un servizo de duchas ata as 14:00 h nas instalacións do C.E.I.P. Coutada – Beade.

Os participantes terán a súa disposición un aparcadoiro no C.E.I.P. Coutada – Beade ata as 10:00 h. A partir desa hora terán que aparcar nos arredores da Igrexa de Santo Estevo de Beade ou Polígono Industrial Seixiños.

Artigo 15:**CARREIRAS DE NENAS/OS**

A partir das 11:30 h se levarán a cabo as carreiras para nenas e menos, establecéndose as seguintes categorías e lonxitudes a percorrer:

Categoría	Ano de nacemento	Distancia
Xuvenil	2005 – 2008	4.200 metros
Cadete	2009 – 2010	4.200 metros
Infantil	2011 – 2012	4.200 metros
Alevín	2013 – 2014	1.200 metros
Benxamín	2015 – 2016	600 metros
Prebenxamín	2017 – 2018	600 metros
Pitufos	2019 ou posteriores	200 metros

Recibirán trofeo os tres primeiros clasificados de cada categoría e sexo.